

LUME

VOCEIRO DE ENSINO MEDIO DE GALIZA NOVA
NÚMERO 12 - ABRIL DE 2016



galizanova.gal | organización
facebook/galizanova | xuvenil do
twitter/galizanova | BNG

13^{ABRIL} FOLGA ESTUDANTIL

LOITEMOS POLO ENSINO PÚBLICO GALEGO

Galiza ten protagonizado nos últimos anos as maiores mobilizacións estudantís en defensa do ensino público galego, mais os poderes españois seguen atacar a nosa educación. Por iso, **desde Galiza Nova chamamos á mocidade a secundar a folga do estudiantado galego do 13 de abril convocada pola organización estudantil galega, ERGUER ESTUDANTES DA GALIZA e a saír ás rúas para respostar con contundencia dende Galiza ao modelo educativo do PP, que precariza e españoliza o noso ensino por completo.**

Ningún dos posíbeis gobernos do Estado están poñendo sobre a mesa a derogación total da LOMCE, unha lei aprobada ás costas do conxunto da comunidade educativa e en concreto d@s estudantes, retrógrada e elitista. O estudiantado e a mocidade galega xa se ten manifestado varias veces contra esta lei con contundencia, mais é preciso que saíamos ás rúas unha vez máis para tombar a súa aplicación e conseguir a súa derogación.

Pero a LOMCE non é o único dos ataques que vive o noso ensino. O ano pasado veu de aprobarse tamén o Decreto 3+2 que baleira de contido os graos universitarios e obriga a cursar mestrados de 2 anos para acadar unha

formación axeitada, o que encarece os custos das matrículas e que xunto coa suba xeral das taxas e os recortes das bolsas fan que unha parte importante da nosa mocidade non poida estudar e formarse correctamente polo seu nivel económico.

En xeral son constantes os ataques ao ensino público galego con recortes en profesorado, material didáctico, infraestruturas, etc.; o que desemboca nunha educación pública de pouca calidade e favorece a privatización da mesma.

Desde Galiza Nova entendemos que esta situación vai contra o noso dereito a un ensino público, galego, laico e de calidade e que só poderemos mudala a través da nosa resposta nas rúas, por iso animamos á mocidade a acudir ás mobilizacións do día 13 de abril! (fica atent@ á nosa web para coñecer a hora e o lugar das mesmas)


Loitemos polo ensino público galego!

"INSUBMIS@S AO SEU PODER, FUXIREMOS DESTE CONTROL.
FAREMOS QUE DESAPAREZA DO ENSINO A PEDAGOXÍA DO OPRESOR"

(DO ÁLBUM CANCIÓNS DE AMOR E LIBERDADE, NAO)



O DEREITO A FOLGA PARA ENSINO MEDIO



O estudiantado ten recollido na lexislación actual o dereito á folga como método de protesta e reivindicación e non se lle pode sancionar nin as súas cualificacións se poden ver prexudicadas por non ir a clase o día da folga. **Ademais se un exame ou proba cadra co día da folga temos dereito a que se mude** o día comunicándoo debidamente.

Se no voso centro vos poñen problemas, só en 1º e 2º da ESO será necesaria unha autorización paterna ou materna para faltar a clase no caso de folga e tamén terán que

cambiarvos os exames.

COMO ORGANIZAR A FOLGA?

Tamén podes organizar unha asemblea informativa para informar entre @s compañeir@s sobre a folga. O centro ten que respectar o dereito á reunión en horario lectivo, polo que non terás que agardar a que este remate.

Se tes calquera dúbida contacta con nós por correo electrónico!

O ESTUDANTADO TEN DEREITO A FOLGA! QUE NON CHE CONTEN TROLAS

LIBÉRATE COA TÚA LINGUA!!!!!!

A nosa lingua é o noso sinal de identidade como galeg@s, a nosa forma de ser e estar no mundo. Mais na Galiza non se garante o dereito a poder desenvolver a vida en galego, e as persoas galegofalantes son desprezadas e obrigadas a esixir respecto polos dereitos lingüísticos ou a facer uso do español para axilizar trámites administrativos como a realización de exames sen opción a galego ou para poder traballar en moitas empresas.


É por iso que Galiza Nova neste momento crítico da lingua galega polos continuos ataques contra ela lanza a campaña "Libérate coa túa lingua" para defender o dereito de todas e todos a empregar a nosa lingua en calquera contexto. Convidámoste a que participes con nós deste obxectivo, **porque o mellor xeito de contribuír a normalizar o galego**

**VENRES 29 ABRIL
CONCERTO POLA
LINGUA**

**NAVIA RIVAS
O LEO I ARREMECÁGHONA
SKANDALO GZ**

SALA MALATESTA RÚA SAN LORENZO 51-53, COMPOSTELA
ENTRADA CONCERTO: 5 EUROS
22.15 H. / APERTURA DE PORTAS ÁS 21.30H

a nivel colectivo é tamén o compromiso de cada unha e cada un de nós a nivel de falalo. Non é momento de resignación, é momento de falar e defender a nosa lingua para sermos máis libres.



ÚNETE A NÓS, VEN LOITAR POR GALIZA!

Galiza Nova formámola moz@s coma ti, que nos organizamos para loitar por un futuro digno na nosa terra. Exercemos o activismo para vencer a dominación e erguer a **República da Galiza**, é dicir, un País Novo ao servizo do pobo traballador e da mocidade galega. Contacta con nós en GALIZANOVA.GAL